



Manual de uso

Cada obxecto de aprendizaxe ten unha **interfaz** que emprega iconas sobradamente coñecidas. A navegación é moi intuitiva e é posible chegar ao mesmo punto de información por diferentes vías. É totalmente funcional desde **ordenadores de sobremesa, portátiles ou dispositivos móbiles**, adaptándose a actividade ao tamaño de pantalla.



Dispón dun **menú lateral** para avanzar entre as **distintas seccións e vídeo leccións** e de botóns de avance e retroceso entre seccións consecutivas. Pinchando no menú lateral desplégase deixando ver as diferentes seccións de cada apartado.



O devandito **menú** esquerdo serve para seleccionar cada unha das seccións con vídeo leccións, apuntamentos e actividades. Estas constan de actividades de

cuestionario, de colocar palabras no seu lugar correspondente, ligazóns a material multimedia...



Distribución e cantidade

O conxunto de toda a auga da Terra é a hidrosfera (do grego *hydros*: auga e *sphaira*: esfera). Esta masa de auga cobre as tres cuartas partes da superficie do noso planeta e, por iso, chamamos á Terra o planeta azul.

A hidrosfera inclúe os océanos e mares, os ríos e lagos, as augas subterráneas, o xeo acumulado nos glaciares e casquetes polares e na neve dos cumios das montañas. A ciencia que estuda as augas é a hidroloxía.

Os vídeos teñen **subtítulos** en galego, castelán e inglés. Amáis desde a rodiña pode cambiarse o **tamaño de resolución** do visionado, así como a súa calidade.

Arrastra as palabras as caixas correctas

Copia isto no teu caderno:

A hidrosfera é o conxunto da auga () do noso planeta que se atopa en diferentes estados: sólido como o , líquido como a e gasoso como o .

A auga doce representa o , mentres que a salgada é o .

A maioría da auga doce, aproximadamente o 68%, está formada por e o 30% por . O 0'3% representano a auga de .

Comprobar

Que proceso describe o paso de estado líquido a gasoso a temperatura ambiente?

☐ Sublimación

☐ Condensación

☐ Solidificación

☐ Evaporación

☐ Vapor magic, porque fai... puff!

☒ Fusión

Comprobar


Cal é a principal razón pola que a auga é un bo disolvente?

Todas as **actividades de repaso e reforzo interactivas** poden repetirse sen limitación e teñen un botón para comprobar a solución e obter o resultado acadado.

As **actividades de reforzo** están pensadas para traballar por diferentes competencias. Habendo propostas de ilustración con banda deseñada, debate, investigación, redacción...

A marea negra do Prestige (vídeo)

Despois de visualizar o vídeo do [PRESTIGE, 20 ANOS DESPOIS](#), escribe un texto para inserir nunha das seguintes bandas deseñadas. Pode ser en forma de cartelas ou de bocadillos. Tamén podedes ampliar, se o precisades, o número de viñetas debuxándoas vós mesmos.



Hai unha **sección de laboratorio** no que se amosan diferentes prácticas en vídeo sobre o tema da hidrosfera seguindo o método científico: tres co seu protocolo asociado e outras tres sen el, para que o alumnado, visionándoo, anote no seu caderno o guión e trate de facer as súas propias hipóteses e conclusións. En caso necesario, pode activar sempre os subtítulos para acceder a información narrada en texto.

Hai dúas actividades de ampliación que se basean en **vídeos 360º**. Para poder interactuar con elas hai que pinchar no vídeo e desprazar o rato cara onde queremos dirixir a nosa visión. Tamén podemos facelo usando o cursor lateral esquerdo.

Actividade

Ver o vídeo 360° onde se ve a auga entrando polo canal ao subir a marea. Móvedevos para os lados pinchando co rato para poder ver ben a praia. Logo, en pequenos grupos, responde estas preguntas:

De onde vén a auga?

Por que entra pola rocha?


De onde pensas que procede a area?

Co tempo, que pensas que pode chegar a suceder no túnel que conecta a praia co mar?



Se non se quere facer uso dos dispositivos móbiles pódense empregar as guías visuais de identificación como esta de pegadas de animais, ou a de cantos de aves.

Na sección **materiais** ha unha sección de **apuntamentos e diapositivas** en Canva descargables, para que tanto o alumnado coma o profesorado poida acceder a notas editables, presentacións de diapositivas.....



O último apartado, Enviar e resumo, permite un acceso a toda a información sobre o avance e consecución da unidade didáctica.

Resumen

XR A hidrosfera

AVALIACIÓN INICIAL

A FORMACIÓN DA HID...
O CICLO DA AUGA
A AUGA NO PLANETA ...
A COMPOSICIÓN DA A...
OS ESTADOS DA AUGA
AS PROPIEDADES DA ...
USO, CONSUMO E AP...
A CONTAMINACIÓN D...
CAMBIO CLIMÁTICO
A CARTA EUROPEA D...
ACTIVIDADES DE REF...
ACTIVIDADES DE AMP...
LABORATORIO
AVALIACIÓN FINAL
MATERIAS E AUTORES

Resumen y envío

Puntuación total

1 / 182

0 de 14 interacciones

Progreso del libro

25%

4 de 16 páginas

Progreso de interacciones

0%

0 de 14 interacciones

Reiniciar

Resumen

Todas las interacciones

AVALIACIÓN INICIAL	
Sin interacciones	
A FORMACIÓN DA HIDROSFERA	
0 de 1 interacciones completadas	Puntuación
Cuestionario orixe da hidrosfera	0 / 6
O CICLO DA AUGA	
0 de 1 interacciones completadas	Puntuación
Cuestionario do ciclo da auga	0 / 9
A AUGA NO PLANETA TERRA	
0 de 1 interacciones completadas	Puntuación
Cuestionario da auga do planeta Terra	0 / 15
A COMPOSICIÓN DA AUGA	
0 de 1 interacciones completadas	Puntuación
Cuestionario da composición da a auga	0 / 8
OS ESTADOS DA AUGA	
0 de 1 interacciones completadas	

Se a unidade didáctica está integrada nun LMS como o Moodle corporativo da rede pública educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a través dun H5P ou desde un SCORM, a información xa queda rexistrada no mesmo e non é imprescindible o paso anterior para o seguemento e a fase de avaliación.